

AXENDA ESTRATÉXICA DE COOPERACIÓN  
TRANSFRONTEIRIZA  
CERVEIRA - TOMIÑO



as

xornadas  
cooperación  
transfronteiriza  
da AMIZADE

27 MARZO 2015

Auditório de Goián, Tomiño



# INDICE

## 03 \_ PRÓLOGO

Alcaldesa

Presidente da cámara

## 04 \_ PRESENTACIÓN

Natureza da Axenda Estratéxica de Coop. territorial

Antecedentes

Metodoloxía

Governanza

Relación de participantes nos grupos focais

## 08 \_ A AXENDA ESTRATÉXICA NO MARCO EURORREXIONAL


## 09 \_ EIXOS ESTRATÉXICOS, LIÑAS DE ACTUACIÓN, PRIORIDADES OPERATIVAS E ACCIÓNS

EIXO 1. O río Miño un recurso común a potenciar.

EIXO 2. Mobilidade transfronteiriza e desenvolvemento territorial sostible.

EIXO 3. Xestión compartida dos servizos e equipamentos públicos locais.

EIXO 4. Un desenvolvemento económico desde a cooperación intelixente.



## PRÓLOGO

A Ponte da Amizade - Ponte Internacional entre Vila Nova de Cerveira e Tomiño representou un marco histórico para as xentes dos doos Concellos: a materialización dun sono de moitos anos que permitiu axilizar as relacións entre as dúas comunidades veciñas, afondar lazos históricos, relanzar o intercambio comercial e reforzar os lazos culturais entre os dous pobos amigos.

Mais esta travesía demostrou ser algo mais que unha gran obra material, demostrou que non existen fronteiras nun espazo que a natureza deseñou de forma continua. Os pobos irmáns teñen pontes para diluír as fronteiras e, neste caso, o Miño funciona como unha fórmula perfecta de disolución química das nosas diferenzas, para resaltar as nosas similitudes e semellanzas.

Estamos convencidos de que foron moitas as horas de traballo dedicadas polas corporacións municipais que nos anos 80 soñaran con esta ponte, pasando polos da década dos 90 e seguintes, contribuíndo decisivamente a dar corpo e materializar o proxecto. Houbo moito traballo conxunto do Concello de Tomiño e da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira coa Xunta de Galicia e a CCDR-Norte para superar os innumerables atrancos que coñeceu.

A Eurorrexión Galiza - Norte de Portugal valorizouse coa supresión dun constrinximento na mobilidade entre as dúas marxes do río Miño, e a consecuente potenciación das relacións transfronteirizas.

A ponte significa centralidade e conectividade, abrindo portas no plano económico, cultural, turístico e no repensar do territorio como un espazo único. Neste sentido, a 11 de xuño, na celebración do 10º aniversario da Ponte da Amizade, asinou a "Carta da Amizade" para que entre os dous municipios se potencie a realización de iniciativas comúns e se promova a cooperación institucional.

Esta importante infraestrutura co servizo prestado durante esta década xa xustificou plenamente e confirmou a excelente decisión que foi a súa construción. Mais nós queremos alargar aínda mais esta "ponte" de amizade a través da consolidación das relacións bilaterais entre cerveirenses e tomiñenses e da formalización do traballo que xa se está a facer en conxunto.

Queremos desenvolver proxectos comúns e contribuír a unha maior integración dos nosos municipios na Eurorrexión e axudar a construír un futuro mellor para as próximas xeracións. Para iso é necesaria unha xestión eficaz, non de recortes, senón de investimentos no futuro, nomeadamente, no emprego, na educación e na cultura.

Seguiremos tecendo pontes de futuro, pontes entre un mesmo espazo natural, pontes sobre un mesmo río.



# PRESENTACIÓN

## NATUREZA DA AXENDA ESTRATÉXICA

A estratexia de cooperación transfronteiriza nace da vontade compartida pola Cámara Municipal de Vila Nova da Cerveira e o Concello de Tomiño de estableceren liñas de actuación conxuntas para o desenvolvemento integral do seu territorio, dentro da estratexia **Europa 2020**, e que se concreta, no que atinxe ao espazo da Eurorrexión, no **Plan de Investimentos Conxunto Galiza - Norte de Portugal**. Esta estratexia procura a integración de políticas de protección dos recursos naturais, de desenvolvemento económico sostible e de cohesión social neste espazo transfronteirizo do Miño, por medio da cooperación intelixente entre as administracións, os axentes públicos e privados, e a participación da cidadanía.

A **Axenda Estratéxica de Cooperación Transfronteiriza** formúlase, como un **documento de referencia** no que se establecen os **eixos estratéxicos**, desenvolvidos á súa vez en **liñas de actuación e prioridades operativas**, e se definen os **proxectos** nos que aquelas se concretan, determinando estes os **criterios e condicionantes técnicos, económicos e ambientais** para o seu desenvolvemento, así como os distintos escenarios e fases para a súa execución, segundo as prioridades establecidas e as oportunidades de financiamento que resulten da análise das capacidades das propias administracións municipais, dos programas das demais administracións e moi especialmente, dos distintos programas europeos aos que poidan acollerse.

Grazas á concepción integral e integradora da Axenda Estratéxica, nela teñen encaixe e fundamento todos aqueles proxectos e iniciativas que axuden ó desenvolvemento dos concellos promotores, e mesmo do conxunto de toda a área dos concellos do treito fronteirizo do Miño e do conxunto da estratexia que sinala o **Plan de Investimentos Conxunto** para a Eurorrexión Galiza - Norte de Portugal.

O propio proceso de elaboración da Axenda constitúe unha oportunidade para pensar de xeito innovador e flexible, o deseño dun futuro sostible deste espazo ribeirán con metas, obxectivos, e accións coherentes e realizables, mediante unha **participación** aberta e ampla, promovendo a **implicación dos axentes sociais e económicos** dunha e outra beira do río.

## ANTECEDENTES

Ao abeiro da **Carta da Amizade** asinada en Xuño de 2014 polos concellos de Tomiño e Vila Nova da Cerveira, iníciase o proceso de elaboración da Axenda Estratéxica para a cooperación transfronteiriza Cerveira - Tomiño. A iniciativa persegue, por medio dun debate participado entre os diferentes actores que compoñen este espazo transfronteirizo, concretar proxectos conxuntos a levar a cabo por ambos concellos, que procura dunha maior cohesión social, e un maior desenvolvemento económico a través da cooperación intelixente entre ambos concellos.

Para a elaboración da Axenda acordárase, entre outras accións, afondar na complexa problemática que supón a superación das barreiras que durante séculos afastaron os pobos das dúas ribeiras do Miño no treito internacional deste río, para o cal xulgouse pertinente a celebración de catro Focus Group, cos seguintes títulos, que veñen representar os eixos estratéxicos da Axenda:

- FG 1. O río Miño un recurso común a potenciar.
- FG 2. Mobilidade transfronteiriza e desenvolvemento territorial sostible.
- FG 3. Xestión compartida dos servizos e equipamentos públicos locais.
- FG 4. Un desenvolvemento económico desde a cooperación intelixente.

## METODOLOXÍA

A Axenda Estratéxica de Cooperación Transfronteiriza Cerveira - Tomiño, ten por obxecto fixar as **orientacións estratéxicas** e establecer as liñas de actuación e as prioridades que sirvan de guía das accións a desenvolver dentro do marco de Cooperación Cerveira - Tomiño, **concretando os proxectos** a realizar e as prioridades e os custes e prazos estimados de execución, identificando os axentes que interveñen en cada un deles, así como as posibles formas de financiamento

A elaboración formal da Axenda Estratéxica comezou por unha primeira fase de **diagnose previa** que permitiu identificar as potencialidades, fortalezas e debilidades propias do territorio e tamén as oportunidades e ameazas ante as que se deba actuar, e formular en base a elo as propostas de liñas estratéxicas, programas e actuacións para o desenvolvemento desta área transfronteiriza.

A diagnose previa realizouse a partir dunha análise dos elementos e factores do territorio en base á previa recompilación e elaboración estruturada da información (datos, estudos, cartografías temáticas, etc) que permitiu, ademais de establecer unha primeira aproximación á realidade complexa do feito territorial, definir a temática e aportar a argumentación de base para ordenar o proceso de participación.

En efecto, a diagnose non pode completarse senón é incorporando, ademais, as **percepcións, opinións, aspiracións e intereses da sociedade**, o que fai imprescindible a participación da cidadanía. A participación dos axentes sociais e económicos -tanto territoriais como sectoriais dende o inicio da elaboración dos traballos, é necesaria para chegar a unha visión compartida na que apoiar o necesario **consenso cidadán** sobre as propostas, ao tempo que permite, tamén, darlle unha maior **visibilidade** ao proceso, o que, a súa vez, serve para incrementar a implicación da sociedade e, con elo, a probabilidade de éxito.

**O programa de participación cidadá** busca garantir a implicación e a participación real e efectiva dos axentes institucionais, económicos e sociais da zona na elaboración da Axenda Estratéxica, co fin de outórgalle lexitimidade e forza social para a eficacia dos seus obxectivos. Partindo deste obxectivo xenérico, o programa de participación cidadá persegue os seguintes obxectivos específicos:

- Promover a participación real e efectiva da cidadanía dos dous concellos na elaboración da Axenda Estratéxica, dende a fase de diagnose e caracterización das problemáticas deste espazo transfronteirizo, até a definición da estratexia e a articulación dos eixos e actuacións a implementar. Xa que logo, é un programa de carácter permanente que non se esgota coa conclusión da redacción da Axenda, se non que debe considerarse un elemento constitutivo do deseño e execución de cada un dos proxectos.
- Facer partícipes ás institucións, axentes económicos e sociais presentes no territorio e á cidadanía en xeral, na toma de decisións que afecten a este territorio..
- Articular os mecanismos para recibir e ter en conta as observacións e achegas que se efectúen durante o proceso de elaboración do plan.
- Implicación da cidadanía para a xestión dos programas e o atinxemento dos obxectivos da Axenda

Neste proceso creáronse catro **Grupos de Discusión focal**, arredor de cada un dos Eixos estratéxicos. A convocatoria foi aberta e a inscrición libre, sendo ademais invitados a participar expresamente, persoas e entidades representativas, que non só aportan perspectivas cualificadas á discusión, senón que ademais son imprescindíbeis grupos de interese (skateholders) de cara o desenvolvemento das accións programadas. O obxectivo é lograr unha visión compartida que garanta a implicación social xunto coa institucional en cada un dos proxectos.

Complementouse esta fase de debate e información coa creación dun **portal web** dende o que, ademais de podérense seguir as novas da Axenda e as convocatorias dos debates dos Grupos Focais,

pódense enviar propostas para a súa consideración na Axenda a través dun **buzón electrónico** cumprimentando un modelo de **ficha** descargable.

A partir de aquí, o traballo de elaboración da Axenda Estratéxica céntrase en reelaborar as propostas e opinións recollidas nesta primeira fase do proceso de participación e buscar a súa concreción en obxectivos singularizados e programados. Definindo ademais os **proxectos** nos que se concreta, atendendo a criterios de prioridade das actuacións e dos posibles escenarios de financiamento tendo en conta as capacidades das propias administracións municipais, dos programas das demais administracións, dos distintos programas europeos, así como doutros posibles actores públicos ou privados.



## RELACIÓN DE PARTICIPANTES NOS GRUPOS FOCAIS

ACUBAM

ADRIMINHO - Associação para o Desenvolvimento Rural Integrado do Vale do Minho

AGDR MAIV Baixo Miño

AECT-GNP - O Agrupamento Europeu de Cooperação Territorial Galiza - Norte de Portugal (AECT-GNP)

Aeródromo Galicia

Agência Portuguesa do Ambiente

Agrupación Musical de Goián

AnimaMinho

Asociación de Comerciantes de Tomiño

Asociación Desportiva de Tomiño

Associação de Pescadores

Associação de Pescadores Ribeira Minho

Associação para a Preservação do Rio Minho

Asociación Ecolóxica Trankllada

Asociación Pessoas com Discapacidade

Asociacion Vontade

Asociación Xuvenil Taíña

ATSA

Bodegas Santiago Ruiz

Boega Hotel

Bombeiros Voluntários de Vila Nova de Cerveira

Buguina - Turismo Cultural, Educación e Interpretación

Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira

Capitania do Porto de Caminha

CDOS Viana do Castelo

CEIP Pintor  
Centro de Estudos Euro Regionais Galiza Norte de Portugal  
Centro de Estudios Socioeconómicos de Galicia  
Centro Goianês  
Cerrajería Pichel  
Cerveira Jovem Associação  
CEVAL - Conselho Empresarial dos Vales do Lima e Minho  
CIBIO - Centro de Investigação, Biodiversidade da Universidade do Porto  
Cine Clube Poleiro  
Clube de Montaña Niño do Corvo  
Clube de Parapente e Kite-Surf Nortada  
Colexio Oficial de Arquitectos da Galicia  
Coléxios Rurais Agrupados Tomiño  
Comandancia Naval do Miño  
Concello de Tomiño  
Coplant Galicia  
Coral de Tomiño  
Entidade Regional de Turismo do Porto e Norte de Portugal  
ESCE-IPVC - Escola Superior de Ciências Empresariais do Instituto Politécnico de Viana do Castelo  
ESG - Escola Superior Gallaecia  
ESTG-IPVC - Escola Superior de Tecnologia e Gestão do Instituto Politécnico de Viana do Castelo  
Eures Transfronteiriço  
Federacion Galega de Astronomia y Radioastronomia  
Fundação Bienal de Cerveira  
Gestil, S.L. Asesoría  
Guarda Civil de Tomiño  
GIPS - Grupo de Intervenção de Proteção e Socorro  
GNR - Guarda Nacional Republicana de Vila Nova de Cerveira  
Grupo Antolin  
Hostal e Restaurante Ascensio  
ICNF - Instituto de Conservação da natureza e das Florestas  
IES Tomiño  
IPDJ - Instituto Português do Desporto e Juventude  
JPQ Consultores  
Materiales de Construcción PEGO, S.L. Tomiño  
Minho Reggae  
Pescadores do rio Miño  
PETTRA  
Portnautic  
Proteção Civil Tomiño  
Proteção Civil Vila Nova de Cerveira  
Refer  
Santa Casa da Misericórdia de Vila Nova de Cerveira  
Tamuxe Kayak  
Transportes Courense  
UNIMINHO - Associação do Vale do Minho Transfronteiriço  
Unisénior - Universidade Sénior de Vila Nova de Cerveira  
UVigo - Universidade de Vigo  
Vidaplan Tomiño  
Viveiros Rio Tollo, S.L.

## GOVERNANZA

Para a formulación e aplicación das medidas contidas na Axenda faise necesario o establecemento de mecanismos de gobernanza que aseguren a súa eficacia e lexitimidade desde o inicio do proceso de elaboración como son:

- Liderádego político, que impulse decididamente a cooperación
- Implicación da sociedade, que garanta a lexitimidade e eficacia das propostas
- Recursos financeiros, que as fagan viábeis

### LIDERÁDEGO POLÍTICO

Este proxecto de cooperación transfronteiriza nace dun forte compromiso político entre Tomiño e Vila Nova de Cerveira, co liderádego compartido e permanente dos responsábeis políticos de ambas cámaras, que foi institucionalizado mediante a sinatura da Carta da Amizade, en xuño de 2014.

Neste acordo institucional contéplase a constitución dos necesarios organismos mixtos de coordinación que desde aquela veñen funcionando. Este liderádego débese estender no futuro na procura de acordos con outras institucións e coa participación en organismos de carácter transfronteirizo.

### IMPLICACIÓN DA SOCIEDADE

A Axenda Estratéxica debe propoñer o desenvolvemento de proxectos destinados aos cidadáns e os servizos públicos que respondan ás súas necesidades, co obxectivo de mobilizar aos cidadáns como participantes activos.

Débese comunicar aos cidadáns información concreta en relación coa súa vida cotián como habitantes deste espazo transfronteirizo, así como da marcha da execución das medidas propostas.

Como xa se dixo, está en marcha un proceso que implica a todos os axentes sociais e económicos da zona. Este proceso de implicación social será a garantía de que as actuacións contempladas na Axenda Estratéxica gozan do necesario consenso cidadán e polo tanto, son asumidas como necesarias para o seu desenvolvemento e progreso.

### FINANCIAMENTO DOS PROXECTOS

Desde o inicio, a Axenda de Cooperación Transfronteiriza Cerveira - Tomiño ten buscado a harmonización e encadre dos seus eixos estratéxicos, liñas de actuación e prioridades operativas dentro dos Eixos, Prioridades Estratéxicas e Proxectos contidos no Plan de Investimentos Conxunto da eurorrexión, polo que aqueles poderán acollerse ás diferentes convocatorias dos programas europeos que o PIC relaciona para cada un dos seus proxectos.

## A AXENDA ESTRATÉXICA NO MARCO EURORREXIONAL

Este espazo que representa o marco territorial da Axenda, encádrase, no contexto europeo, no grande espazo do Arco Atlántico, e dentro deste, descendendo de escala, sitúase dentro da eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.

No contexto desta eurorrexión, o territorio Cerveira - Tomiño vense a integrar nun espazo comarcal máis amplo: o **Val do Miño transfronteirizo**, ocupando un lugar centrado non só dentro deses dous territorios, só en aparencia afastados polo río, senón tamén no que atinxe a dúas das áreas funcionais máis importantes da Eurorrexión, como son: Vigo e Porto - Braga. Cuestión que



se considera importante para caracterizar correctamente a potencialidade deste territorio que conforman o concello de Tomiño e Cerveira: o de ser charnela, locus xeográfico e socioeconómico equidistante de ámbalas dúas áreas funcionais e, xa que logo, constituíndose en zona de notorias expectativas de desenvolvemento, precisamente por estar a cabalo desas dúas áreas dinámicas, cada vez máis interconectadas, logo de que as barreiras fronteirizas se fosen esvaendo e que as persoas, as mercadorías, os capitais se movan polas dúas áreas sen tantos atrancos e os negocios e o lecer se desenvolvan no territorio dunha ou outra ribeira do río, indistintamente, e cun factor engadido de potencial desenvolvemento.

Nos traballos e debates dos Grupos de Discusión Focal, procurouse a concreción da colaboración transfronteiriza precisamente aquí, onde o territorio - fronteira era unha realidade, aínda que samente fora administrativa. De non darse a cooperación e a cohesión no ámbito inmediato aos ata hai pouco pechados límites administrativos dos estados, a fenda fronteiriza permanecería aberta. Definir accións tendentes á eliminación da fronteira física e a psicolóxica -igualmente importante superar- neste ámbito transfronteirizo, que permita o desenvolvemento económico nun marco de sotibilidade e crecemento intelixente e integrador.

A Axenda Estratéxica en definitiva, fixa como obxectivo das súas accións a procura dun crecemento sostible do territorio que repercuta positivamente na mellora da calidade de vida e a cohesión social da poboación deste espazo común transfronteirizo, baseado na valorización das potencialidades dun recurso compartido como é o río Miño e na preservación e promoción intelixente dos seus valores naturais, culturais e etnográficos, nun marco de cooperación que ollara cara o futuro.

## EIXOS ESTRATÉXICOS, LIÑAS DE ACTUACIÓN, PRIORIDADES OPERATIVAS E ACCIÓNS

EIXO 1. O RÍO MIÑO UN RECURSO COMÚN A POTENCIAR		
LIÑAS DE ACTUACIÓN	PRIORIDADES OPERATIVAS	ACCIÓNS
<b>1.1</b> Protección e valorización integral do espazo fluvial como base do desenvolvemento sostible	1.1.1 Poñer en valor os recursos naturais e paisaxísticos.	1.1.1.1 Programa de intervención e posta en valor das marxes ribeiriñas 1.1.1.2 Valorización da Praia da Lenta 1.1.1.3 Elaboración dun Plan da Paisaxe do río
	1.1.2 Promover as actividades económicas tradicionais do río e a navegación deportiva e de recreo	1.1.2.1 Recuperación do peirao do ferry de Goián para usos pesqueiros e deportivos 1.1.2.2 Mellora dos Cais de Pesca do Concello de Vila Nova de Cerveira 1.1.2.3 Mellora do Cais de Recreio de Vila Nova de Cerveira 1.1.2.4 Memoria do patrimonio inmaterial do río
<b>1.2</b> Basear a oferta territorial na promoción dos valores naturais, culturais, económicos e históricos do río	1.2.1 Promover o espazo natural do río Miño como eixo de atracción turística.	1.2.1.1 Promoción do Territorio Rede Natura 2000 1.2.1.2 EcoTUR Cerveira Tomiño. Centro de apoio e promoción do turismo de natureza. 1.2.1.3 Illa da Ciencia Ecofluvial. Proxecto de carácter educativo e divulgativo en torno ao río
	1.2.2 Creación do Ecoparque transfronteirizo fluvial "O Casteliño-Espazo Fortaleza".	1.2.2.1 Ponte para peóns e bicis sobre o Miño entre os parques de O Casteliño e Espazo Fortaleza 1.2.2.2 Ampliación do Parque de Lecer do Casteliño en Cerveira 1.2.2.3 Ampliación do Parque Espazo Fortaleza en Goián.
	1.2.3 Promoción dos recursos do patrimonio histórico e cultural.	1.2.3.1 Rota do Patrimonio 1.2.3.2 Centro Integrado de salvagarda e promoción do patrimonio cultural - Museus de Cerveira 1.2.3.3 Valorización do Forte de Lovelhe 1.2.3.4 Sinalización e musealización dos baluartes e dos elementos da historia da fronteira
<b>1.3</b> Potenciar o atractivo turístico e de lecer con accións conxuntas	1.3.1 O río Miño como materialización do concepto "un destino, dúas paisaxes" nunha oferta turística orientada cara o mercado interno da eurorexión.	1.3.1.1 Programa conxunto de promoción turística. 1.3.1.2 Guía de infraestruturas e recursos turísticos dos ríos de Cerveira e Tomiño. 1.3.1.3 Creación de paquetes turísticos mediante accións en empresas do sector.
	1.3.2 Promoción da cultura local, nomeadamente da gastronomía do río, e da cultura do viño e o enoturismo.	1.3.2.1 Aproveitamento dos equipamentos existentes para reforzar a atractividade. 1.3.2.2 Encontro sobre o patrimonio gastronómico do Miño. Tradicións e novas propostas culinarias. 1.3.2.3 Proxectos de dinamización cultural e comercial dos centros urbanos. 1.3.2.4 Promoción de roteiros e feiras.

### EIXO 1

#### O RÍO MIÑO, UN RECURSO COMÚN A POTENCIAR

Orixe e sustento deste territorio, xeolóxica, morfolóxica, social e culturalmente común, pero historicamente dividido por unha secular fronteira -a mais vella de Europa-, hoxe felizmente esvaecida, o río Miño é o elemento central da súa identidade. Identidade na que se recoñecen os pobos das dúas beiras do que foi espazo de navegación (xangadas, vapores de carga, ...) e que permitiu outrora a súa unión e permitirá aínda mais no futuro, na condición compartida da cidadanía



europaea, a integración das dúas comunidades, nun proceso que ha culminar coa desaparición das barreiras psicolóxicas ás que deron lugar tantos anos de artificial afastamento.

Débase partir, polo tanto, do recoñecemento e posta en valor dos elementos singulares que conflúen neste territorio e das sinerxías entre eles como factores de benestar e como oportunidades para o desenvolvemento económico e social co río Miño como marca de identidade territorial e como recurso común a potenciar, entre os que é de salientar o extraordinario valor ambiental e paisaxístico do espazo natural das súas marxes, integrado na Rede Natura 2000; o valor patrimonial histórico, en boa medida ligado ás fortificacións defensivas existentes a cada lado do río, os valores culturais (música, folclore, artes plásticas, etc.); o valor económico secular da pesca tradicional das poboacións ribeiráns e os intercambios comerciais (mesmo nas xeiras do contrabando). Estes valores, xunto cos equipamentos e os espazos lúdicos e de ocio desenvolvidos nos últimos anos en ámbalas dúas beiras asociados ás outrora fortalezas defensivas e ás praias fluviais outorganlle a ambos os dous concellos un enorme potencial turístico que cumpre desenvolver.

## LIÑAS DE ACTUACIÓN

### ***1.1 Protección e valorización integral do espazo fluvial como base do desenvolvemento sostible***

As marxes do río Miño -o segundo en caudal/ano da Península Ibérica- conforman un importantísimo patrimonio natural que forma parte da unidade declarada ZEPA (PTZPE0001 Estuario dos ríos Miño e Coura) e LIC (PTCON0019 río Miño). Integrados na Rede Natura 2000 e recoñecidos na lexislación sectorial ao respecto.

A conservación e posta en valor deste patrimonio natural así como das actividades económicas tradicionais vencelladas ó río -actividades de alto valor simbólico, cultural e mesmo paisaxístico que debeñen esenciais para a preservación dun recurso de alto contido económico como é a pesca das especies fluviais do Miño- constitúen un factor chave para o desenvolvemento sustentable deste territorio.

### ***1.2 Basear a oferta territorial na promoción dos valores naturais, culturais, económicos e históricos do río***

Promover o turismo verde como factor de desenvolvemento sustentable deste territorio ribeirán baseado nos seus recursos endóxenos, tanto naturais (biodiversidade, paisaxe praias fluviais,...) como históricos (Ecoparque arqueolóxico do monte Tetón, Castelo de Cerveira [s.XIII-XIV], fortalezas de San Lourenzo en Goián e Lovelhe en Cerveira [s.XVII],...), económicos (pesca fluvial, o viño,...) e culturais (gastronomía, tradicións, arte,...).

Con esta finalidade compre potenciar os equipamentos e os espazos lúdicos e de ocio existentes en ámbalas dúas beiras e desenvolver as potencialidades do río para usos deportivos e recreativos en contacto coa natureza.

### 1.3 Potenciar o atractivo turístico e de lecer con accións conxuntas

O turismo constitúese no territorio transfronteirizo como unha actividade económica de longo percorrido, con capacidade de xeración futura de importantes nichos de oportunidade laboral e emprendedora, complementar da agricultura intensiva e a industria.


As tendencias actuais do turismo demandan novos contidos e experiencias, tales como poden ser, a paisaxe, a natureza, a auga como elemento de lecer e aprendizaxe, os contidos culturais diversos etc.

O río Miño aparece aquí, no territorio transfronteirizo como o potencial grande articulador dunha nova oferta turística cunha moi ampla variedade de enfoques: As paisaxes, a natureza fluvial de singular flora e fauna, as construcións defensivas que rememoran a época da fronteira xa desaparecida. Tamén os múltiples uso do río: relax, baño, pesca, deporte. A memoria inmaterial vencellada a tradicións relixiosas, lendas, costumes ...

O territorio do río Miño representa como ningún outro a materialización da marca turística da Eurorrexión "un destino, dous países". Tendo posibilidades para o visitante de ver semellanzas e diferencias entre povos de distintos países, culturas e folclore comúns. De ver como o río é punto de encontro tanto no partillamento da súa explotación pesqueira como no comercio ilegal de mercancías e persoas que xeran todo unha singularidade cultural a ambos lados das súas marxes.

O descanso, a cultura e o río son sólidos argumentos para construír unha oferta de turismo singular en Tomiño-Cerveira.

EIXO 2. MOBILIDADE TRANSFRONTEIRIZA E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL SOSTIBLE		
LIÑAS DE ACTUACIÓN	PRIORIDADES OPERATIVAS	ACCIÓNS
2.1 Promover modos de transporte público transfronteirizo inseridos nos sistemas metropolitanos	2.1.1 Desenvolvemento do <b>transporte público rodoviario transfronteirizo</b> no Val do Miño inserido na redes de transporte metropolitano	2.1.1.1 Inclusión do concello de Tomiño no Plan de transporte metropolitano de Vigo 2.1.1.2 Implementación das medidas do Plan de transporte do Val do Miño transfronteirizo
	2.1.2 Potenciación do <b>camiño de ferro</b> como medio de <b>transporte de proximidade</b> no sur da Área funcional de Vigo e Norte da Área funcional de Porto.	2.1.2.1 Grupos de traballo con outros concellos da área e outras administracións e institucións 2.1.2.2 Promover a intermodalidade da estación ferroviaria de Vila Nova de Cerveira como nodo de transporte do treito central do Val do Miño transfronteirizo
2.2 Afortalar os centros urbanos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño	2.2.1 <b>Revitalizar os núcleos urbanos</b> dos dous concellos.	2.2.1.1 Reintegración urbana e social do Castelo de Cerveira 2.2.1.2 Recualificación do espazo público do núcleo urbano de Goián 2.2.1.3 Recualificación do espazo público do núcleo urbano de Seixo
	2.2.2 Poñer en valor o <b>patrimonio construído</b> .	2.2.2.1 Rehabilitación Urbana do Centro Histórico de Vila Nova de Cerveira 2.2.2.2 Protección e posta en valor da arquitectura indiana de Tomiño
	2.2.3 Establecer a <b>ligazón urbana</b> dos núcleos de Vila Nova de Cerveira e Goián.	Ponte para peóns e bicis sobre o Miño ( 1.2.2.1) Ecoparque transfronteirizo fluvial "O Castelo de Cerveira" ( P.O 1.2.2.2)
2.3 Accesibilidade e mobilidade para tod@s	2.3.1 Promover unha <b>mobilitade segura e sostible</b> e no ámbito do dous concellos que teña en conta outros modos de transporte non motorizados.	2.3.1.2 Plans conxuntos de mobilidade sostible e seguridade viaria
	2.3.2 Priorizar o <b>uso peonil do espazo público</b> nos centros urbanos e nos núcleos parroquiais.	2.3.2.1 Incremento da mobilidade branda no núcleo urbano de Vila Nova de Cerveira. Incremento da mobilidade branda no núcleo urbano de Goián ( 2.2.1.2) Incremento da mobilidade branda no núcleo urbano de Seixo ( 2.2.1.3)
	2.3.3 Completar os <b>paseos fluviais -Ecopistas-</b> nas dúas ribeiras do río.	2.3.3.1 Completamento do paseo fluvial de Goián a Tui 2.3.3.2 Completamento (3ª fase) e iluminación da Ecovia Caminho do Río 2.3.3.3 Parque de Lecer dos Montorros Ponte para peóns e bicis sobre o Miño ( 1.2.2.1)



## EIXO 2

### MOBILIDADE TRANSFROTEIRIZA E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL SOSTIBLE

Mellorar a conectividade interna entre ambas beiras do Miño -nomeadamente entre os núcleos urbanos de Vila Nova de Cerveira e Goián- e co resto do territorio das comarcas do Val do Miño nas que se insire este espazo transfronteirizo, así como de todo este territorio coas áreas metropolitanas de Vigo, Porto e Braga (GAM do Minho), portenciando a mobilidade sostible como vector esencial do desenvolvemento integral do territorio, tanto no referido ao transporte público (rodoviario e ferroviario) nas dúas marxes do río Miño, como no referido á mobilidade peonil e noutros modos alternativos de transporte non motorizados que permitan reducir o gasto enerxético e as emisións de gases de efecto invernadoiro. Mobilidade que terá que reforzar este espazo común e dar sentido a unha articulación completa das actividades e das infraestruturas do espazo transfronteirizo.

#### LIÑAS DE ACTUACIÓN

##### ***2.1 Promover modos de transporte público transfronteirizo inseridos nos sistemas metropolitanos***

Pular no marco da cooperación con outras administracións e institucións públicas e privadas, polo desenvolvemento de sistemas públicos de transporte que permitan articular a mobilidade transfronteiriza no ámbito das comarcas do Val do Miño, e a conectividade cos ámbitos metropolitanos próximos, nomeadamente coa área metropolitana de Vigo, -na que o concello de Tomiño, senón administrativamente si funcionalmente, está integrado-. A desaparición da fronteira resulta unha oportunidade para que a comarca do Baixo Miño poda dispoñer, grazas á proximidade da infraestrutura ferroviaria portuguesa, deste modo de transporte. Por outra banda, a modernización da vía férrea do Miño preséntase como unha grande oportunidade para implantar un servizo de transporte ferroviario de proximidade que permita a consecución deste obxectivo estratéxico. Neste sentido, a conexión dos núcleos de Vila Nova e de Goián, a adecuación da estación ferroviaria de Cerveira e a dotación de espazos de aparcamento público nas inmediacións para facilitar o intercambio de modo de transporte (privado-público) cara esta nova funcionalidades son actuacións necesarias a contemplar.

##### ***2.2 Afortalar os centros urbanos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño***

O desenvolvemento equilibrado e sostible deste territorio, caracterizado pola dispersión da poboación e da actividade económica, esixe da consolidación e afortalamiento dos núcleos urbanos como fornecedores de servizos e actividades co grao de especialización que demanda unha poboación de case 25.000 habitantes que residen entre os dous concellos, e afortalar así a súa posición na xerarquía do sistema urbano da eurorrexión.

A proximidade dos núcleos urbanos de Vila Nova e Goián, situados un por fronte do outro ó pé do río apenas separados por un quilómetro de distancia, preséntase como unha oportunidade para constituír, a través da súa ligazón, un referente urbano único para o conxunto deste territorio, dunha e doutra beira do río.



##### ***2.3 Accesibilidade e mobilidade para tod@s***

Promover unha mobilidade responsable e ambientalmente sostible, transversal e inclusiva, accesible para toda a cidadanía, que permita a igualdade de oportunidades no acceso ao transporte público.

Fomentar a concienciación e ampliar as oportunidades para o uso de modos alternativos que permitan a redución do consumo de combustibles fósiles, tanto en etapas de viaxe como conformando o medio prioritario para a mobilidade local.

Avanzar na mellora da accesibilidade das persoas con mobilidade reducida eliminando as barreiras arquitectónicas, nomeadamente no acceso ós equipamentos públicos e ós centros e medios de transporte.

EIXO 3. XESTIÓN COMPARTIDA DOS SERVIZOS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS LOCAIS		
LIÑAS DE ACTUACIÓN	PRIORIDADES OPERATIVAS	ACCIÓNS
3.1 Xestión conxunta das infraestruturas, equipamentos e servizos existentes no ámbito dos respectivos concellos	3.1.1 Optimizar o uso dos equipamentos e servizos existentes pola poboación de ambos concellos.	3.1.1.1 Creación dun portal web -Base de datos de recursos e entidades culturais, deportivas, etc. 3.1.1.2 ESCOLA DE MÚSICA de Tomiño, apertura a alumnado de Cerveira 3.1.1.3 BIENAL de Cerveira: Dinamización de obradoiros creativos. Actividades colectivas en or 3.1.1.4 Festival transfronteirizo MÚSICA E AGE E
	3.1.2 Planificación conxunta das futuras necesidades de infraestruturas, equipamentos e servizos procurando a complementariedade.	
	3.1.3 Facilitar o movemento transfronteirizo de menores para realizar actividades de participación a través da rede de entidades, centros educativos e asociacións deportivas	
3.2 Promover a cohesión social e a igualdade de oportunidades mediante programas conxuntos de dinamización e intervención	3.2.1 Fomentar a cooperación entre as administracións e as comunidades educativas de ambos concellos na elaboración de programacións conxuntas en todos os niveis formativos.	3.2.1.1 Programa de actividades educativas e extraescolares conxuntas 3.2.1.2 Proxectos educativos de carácter transfronteirizo 3.2.1.3 Confección dun Inventario de recursos educativos de ambos concellos 3.2.1.4 Guía interactiva de lugares de interese de ambos concellos para visitas didácticas
	3.2.2 Iniciativas conxuntas para a promoción da igualdade de xénero.	3.2.2.1 Plan de igualdade da Muller
	3.2.3 Promover programas conxuntos dos servizos sociais de ambos municipios orientados á inclusión e a mellora da calidade de vida dos colectivos máis vulnerables.	3.2.3.1 Plan de inclusión de persoas discapacitadas 3.2.3.2 Programas "Ferias actuais" e "Dar vida aos anos" para a poboación de maior idade Plan de accesibilidade aos equipamentos e espazos públicos de ambos concellos
3.3 Coordinación na protección fronte a emerxencias, xestión de riscos	3.3.1 Coordinación entre Vila Nova de Cerveira Tomiño en materia de control de riscos.	3.3.1.1 Identificación e catalogación dos principais riscos comúns. 3.3.1.2 Planos conxuntos transfronteirizos de emerxencia en protección civil e contra incendios. 3.3.1.3 Programas de sensibilización e educación cidadán para promover a prevención de riscos.



### EIXO 3.

### XESTIÓN COMPARTIDA DOS SERVIZOS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS LOCAIS

Partillar e procurar a complementariedade dos equipamentos e servizos de utilización colectiva existentes e futuros para a súa utilización polas poboacións asentadas nos dous concellos, como forma de garantir unha maior e máis eficiente oferta e como mecanismo necesario para a cohesión social.

Este obxectivo ven a coincidir co recollido no Plan de Investimentos Conxuntos (4.1.3) "a cooperación transfronteiriza debe perseguir o horizonte da creación de zonas francas sociais que permitan o acceso universal e común dos cidadáns a unha serie de servizos sociais colectivos de carácter público, independentemente do lado da fronteira na que moren ou se encontre o equipamento en

cuestión (...) a saúde, a asistencia social, a educación non formal, a formación profesional, o emprego, o transporte, a cultura e lecer ou o deporte. Así é como se constrúe confianza e cidadanía compartida e se derruban as barreiras psíquicas forxadas polas fronteiras políticas seculares, así e como se constrúe, nunha palabra, a eurocidadanía”.

## LIÑAS DE ACTUACIÓN

### ***3.1 Xestión conxunta das infraestruturas, equipamentos e servizos existentes no ámbito dos respectivos concellos***

A mellora da cooperación entre as administracións debe servir para mellorar a eficacia das accións conxuntas, optimizar os recursos públicos existentes e e procurar que os habitantes de ambos municipios vexan e perciban nesta cooperación un instrumento válido para a mellora da súa calidade de vida.

Sen un axeitado funcionamento institucional, os resultados das actuacións financiadas non chegarán ao cidadán, que manterá unha visión da cooperación como instrumento burocrático que non se traduce en beneficios directos para el.

En consecuencia, os proxectos de investimento da Axenda teñen que centrarse na mellora da xestión pública que facilite o incremento da calidade

### ***3.2 Promover a cohesión social e a igualdade de oportunidades mediante programas conxuntos de dinamización e intervención***

Tal e como sinala o Plan de Investimentos Conxunto, a política europea de asuntos sociais e igualdade de oportunidades debe contribuir á mellora das condicións de vida da poboación, coa perspectiva de crecemento sostible e con maior cohesión social, loita contra a pobreza e a exclusión social, a igualdade entre homes e mulleres. A eficacia das políticas virá dada pola capacidade de poidan ser desenvolvidas desde o ámbito local e en partilla con actores locais, xa que é neste ámbito onde os actores institucionais e sociais teñen o máximo coñecemento sobre as problemáticas existentes no territorio, así como unha gran capacidade para deseñar e implementar con flexibilidade e eficacia unha axenda de inclusión social.

Os programas conxuntos en materia de dinamización social e cultural, ou aqueles orientados a fomentar a igualdade de oportunidades para todos os sectores sociais teñen pois que formar parte sustancial da Axenda de Cooperación transfronteriza.

### ***3.3 Coordinación na protección fronte a emerxencias. xestión de riscos***

Para a Axenda Estratéxica, en consonancia co PIC, lograr a utilidade e a rendibilidade económica dos montes, dos espazos naturais vencellados ao río Miño e preservar e recuperar o patrimonio histórico e cultural é un obxectivo que asegura o desenvolvemento sostible e o benestar da poboación.

Os proxectos procuran pór en valor económico o patrimonio e preservalo das ameazas e riscos que o poidan poñer en perigo: incendios, inundación, especies invasoras que acaban por colonizar espazos e poden mesmo facer desaparecer a flora e fauna autóctonas.

Analizar pois os riscos e as vulnerabilidades a que pode estar sometido o medio natural e planificar a reacción diante dunha situación destas características supón asegurármonos o futuro e o benestar xeral.

Non pode haber fronteiras para as emerxencias e desastres naturais. Analizar conxuntamente os riscos a que se ve sometido o territorio forma parte da lóxica da prevención mais elemental.

EIXO 4. UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DESDE A COOPERACIÓN INTELIXENTE		
LIÑAS DE ACTUACIÓN	PRIORIDADES OPERATIVAS	ACCÍONS
4.1 A cooperación pública e privada	4.1.1 Afortalar a <b>cooperación institucional</b> como mellor garantía de optimizar recursos e potenciasidades.	4.1.1.1 Puntos de información transfronteiriza para o empresariado 4.1.1.2 Oficina de orientación e información para proxectos de emprendemento transfronteirizos 4.1.1.3 Colaboración directa co EuresT e co servizo de emprego de Tomiño.
	4.1.2 Desenvolver programas centrados na <b>innovación, especialización, diversificación e creación de mercados.</b>	4.1.2.1 Programas formativos conxuntos dirixidos aos empresarios das áreas 4.1.2.2 Parque empresarial de Tebra (Tomiño)
	4.1.3 Recuperación dos <b>oficios tradicionais</b> enfocados para o novo desenvolvemento e emprego.	Memoria do patrimonio inmaterial do río
4.2 A actiúde industrial e agraria	4.2.1 Apoiar o desenvolvemento das actiúdes do <b>sector primario.</b>	4.2.1.1 Feira de plantas ornamentais e afitas 4.2.1.2 Actiúdes promocionais arredor do sector vitivinícola 4.2.1.3 Promoción do produto autóctono de calidade.
	4.2.2 Desenvolvemento dos novos <b>parques de actiúdes empresariais</b> na área.	4.2.2.1 Parque de actividades económicas de Sapardos (VN Cerveira) 4.2.2.2 Parque empresarial de Tebra (Tomiño)
4.3 O turismo como actiúde complementaria na estrutura económica local	Vinculada ás Liñas de Actuación 1.2 e 1.3 do EIXO 1	
4.4 Emprego e inserción laboral como obxectivo	4.4.1 Axudas para a creación de <b>microproxectos empresariais</b> e ao emprendemento.	
	4.4.3 Programa de <b>detección de oportunidades de emprego</b> nas especialidades e recursos do río.	

EIXO 4. UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DESDE A COOPERACIÓN INTELIXENTE  
 desenvolvemento económico debe basearse na complementariedade de recursos en vez de na súa substitución. Na cooperación e busca de sinerxías mais que na competencia. A creación de novas empresas debe ser pensada tamén desde o alongamento da área metropolitana de Vigo e no aproveitamento dos fluxos producidos pola industria e o comercio e os servizos da súa área funcional e pola súa proxección exterior.

Deberá ademais poñer en valor os recursos endóxeos de ambos concellos, potenciando a iniciativas empresariais baseadas neles: o turismo, a natureza, os servizos etc

A utilización das novas tecnoloxías e a busca de innovación nos sectores xa maduros da economía local, axudará á súa modernización e progreso.

## LIÑAS DE ACTUACIÓN

### 4.1 A cooperación pública e privada clave do desenvolvemento sustentable

Institucións públicas, axentes económicos e axentes sociais deben buscar conxuntamente mecanismos de intercambio de información e coñecemento da realidade económica da área de cara a promoción conxunta. A colaboración entre as administracións públicas e as organizacións empresariais da Eurorexión é imprescindible para avanzar na internacionalización das empresas, especialmente das PEMES que son as que teñen maiores dificultades de acceso a eses mercados e son as que máis valor engadido poden xerar para o territorio.

### 4.2 A actividade industrial e agraria intensiva como fundamento da economía local

A actividade agraria ten maior relevancia no concello de Tomiño, con cultivos como o viño e o kiwi ou a planta ornamental que representan un volume importante en xeración de valor.

A actividade industrial ten mais peso en Vila Nova de Cerveira pola existencia de áreas empresariais, ocupadas, nunha parte importante, con industrias vinculadas á área viguesa.

As posibilidades de desenvolvemento de ambas actividades non están esgotadas e supoñen a base da economía de ambos concellos polo que a súa promoción e extensión son imprescindíbeis para o emprego e o desenvolvemento de ambos concellos

#### 4.3 *O turismo como actividade complementaria na estrutura económica local*

Complementariamente á actividade da industria e á agricultura, as posibilidades de desenvolver un sector terciario vencellado ao turismo, hostalería, gastronomía, valores paisaxísticos e culturais vencellados ao río Miño son moi importantes. A cantidade de recursos vencellados a este sector, a boa conexión con centros poboacionais da eurorrexión, a benignidade climática, fan deste un dos sectores con maior potencialidade de crecemento no futuro.

O turismo constitúese no territorio transfronteirizo como unha actividade económica de longo percorrido, con capacidade de xeración futura de importantes nichos de oportunidade laboral e emprendedora, complementar da agricultura intensiva e a industria.

Vinculada ás Liñas de Actuación 1.2 e 1.3 do EIXO 1

#### 4.4 *Emprego e inserción laboral como obxectivo*

O obxectivo de xeración de emprego, maiormente centrado en persoas xoves e mulleres debe ocupar, nomeadamente no actual contexto de crise económica, un lugar destacado na Axenda Estratéxica. A formación, o apoio ao emprendemento, a información de oportunidades de emprego e de creación de pequenas empresas debe contar co apoio necesario das políticas públicas que deben saber encamiñar a demanda de emprego cara os puntos fortes de crecemento do territorio.

